

# *MODELO DE* **PLAN DE CONTINXENCIA DA HOSTALERÍA NO CONTEXTO DA COVID-19**

## **NIVEL 2C (dúas cunchiñas)**

*A Xunta de Galicia pon a disposición do sector da Hostalaría e Restauración un modelo de plan de continxencia xeral para facilitar a súa implementación en cada establecemento.*

*Con todo, serán os propios titulares os encargados de adecualo a cada local, de acordo coa súa natureza, servizos, equipamentos, etcétera.*

*O texto en gris é explicativo, para aclarar a información que se debe recoller en cada epígrafe ou para empregalo se procede.*



## IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE

Nome do establecemento:	
Nº REGASA:	
Razón social/Titular da actividade:	
Actividade: (cafetería/restaurante...)	
Enderezo:	
Parroquia:	
Concello:	
C.P.:	

Data de actualización: \_\_/\_\_/\_\_\_\_\_

## Índice

1. OBXECTIVO.....	3
2. MEDIDAS DE COMUNICACIÓN, INFORMACIÓN E FORMACIÓN.....	3
3. QUE É A COVID-19 E COMO SE TRANSMITE.....	4
4. ACTUACIÓN ANTE A SOSPEITA DUN CASO COVID-19.....	5
5. CAPACIDADE MÁXIMA.....	6
6. MEDIDAS XERAIS NO ESTABLECEMENTO.....	8
Uso de máscara.....	8
Distancia de seguridade.....	8
Itinerarios de circulación.....	8
7. MEDIDAS ESPECÍFICAS.....	9
8. MEDIDAS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN.....	9
9. MEDIDAS DE HIXIENE.....	10
10. MEDIDAS EN MATERIA DE PERSOAL.....	10
11. MEDIDAS COMPLEMENTARIAS.....	11
12. REXISTRO DE CLIENTES.....	11
13. VENTILACIÓN.....	11
14. DOCUMENTACIÓN.....	14

*Modelo Plan de Continxencia Nivel 2c*

## 1. OBXECTIVO

Este plan recolle as medidas para desfrutar da hostalería de forma segura por parte de:

- Clientes
- Traballadores
- Provedores.

Inclúense as medidas preventivas e de control a adoptar neste establecemento, medidas de hixiene persoal, así como medidas organizativas, segundo o escenario actual no que se desenvolve a pandemia por COVID-19.

A vixencia deste Plan queda condicionada á evolución da pandemia e debe manterse debidamente actualizado en función das directrices ditadas polas autoridades sanitarias.

## 2. MEDIDAS DE COMUNICACIÓN, INFORMACIÓN E FORMACIÓN

*É especialmente importante a responsabilidade individual de cada persoa (traballadores/as, usuario/as) polo que debe darse traslado de toda a información relevante: riscos, medidas individuais, medidas colectivas.*

As medidas de comunicación, información e formación implantadas polo establecemento son:

- aos usuario/as e provedores:

*(Detallar como se informa a usuarios e provedores das medidas a aplicar no establecemento. Poder ser mediante cartelería na entrada ou en espazos concretos, sinalización, etc. Xuntar os modelos ou debuxos como Anexo I)*

- ao persoal traballador:

a) A cada un dos \_\_\_\_\_ traballadores/as entregaráselle un exemplar do plan de continxencia. *(Rexistrar a entrega e o "recibí" do traballador)*

*Modelo Plan de Continxencia Nivel 2c*

b) Todo o persoal traballador recibiu a formación avanzada (*rexistrar e gardar copia das certificacións*)

c) Recoller outras medidas se as houberse (*reunións internas, por exemplo*)

*Exemplo de rexistro:*

Nome e apelidos	Acción	Data
Nome Apelido1 Apelido2	Entregado plan	12/09/2021
Nome Apelido1 Apelido2	Formación básica 2 h	18/09/2021

### 3. QUE É A COVID-19 E COMO SE TRANSMITE

O COVID-19 é unha enfermidade producida pola infección do virus SARS-CoV-2, un novo tipo de coronavirus que afecta a humanos.

#### Síntomas:

Os síntomas máis comúns inclúen febre, tos e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber diminución de olfacto e gusto, calafríos, dor de garganta, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

A maioría dos casos son leves. Existen tamén casos que non presentan síntomas (asintomáticos). Nos casos máis graves, a infección pode causar pneumonía, dificultade importante para respirar, fallo renal e incluso a morte.

#### Transmisión:

O SARS-CoV-2 transmítese a través do contacto da mucosa das vías respiratorias ou das conxuntivas da persoa susceptible coas secrecións respiratorias da persoa que presente unha infección activa: a través de gotas ou aerosois (en función do tamaño da secreción).

As persoas emiten aerosois en cantidade crecente ao respirar, falar, exhalar, cantar, tusir, espirrar ou facer exercicio intenso. As partículas de menor tamaño poden permanecer suspendidas no aire durante segundos ou horas e alcanzar o tracto

*Modelo Plan de Continxencia Nivel 2c*

respiratorio de persoas situadas a distancia do emisor (a máis de 2 metros) ou incluso en ausencia de el, se aínda persisten suspendidas no aire. Non obstante, a evidencia amosa que hai unha maior transmisión nas distancias curtas, polo que segue sendo relevante manter a distancia interpersoal.

Tamén se considera posible a transmisión por contacto directo ou indirecto a través das mans ou fómite.

Tanto as persoas con síntomas como sin síntomas poden transmitir o virus se se atopan nun período con infección activa.

## 4. ACTUACIÓN ANTE A SOSPEITA DUN CASO COVID-19

### Sospeita fóra do establecemento:

No caso de que calquera persoa traballadora presente síntomas compatibles de COVID-19 non deberá acudir ao centro de traballo e deberá pórse en contacto co centro de saúde ou consultorio médico nas seguintes 24h para solicitar unha consulta telefónica co seu médico de atención primaria, mutua, ou servizo de urxencias/061 no caso de sintomatoloxía grave.

Se non conseguise contactar cos servizos sanitarios, poderá chamar ao 881002021. Os profesionais sanitarios serán os que valorarán a clínica, e prescribirán a realización das probas que consideren necesarias para confirmar o caso.

No caso de que o persoal sanitario prescriba a realización dunha proba diagnóstica de infección activa (PDIA), como pode ser unha PCR ou unha proba de detección de antíxeno, o caso sospeitoso deberá quedar en illamento domiciliario seguindo as indicacións do persoal sanitario correspondente.

### Sospeita no establecemento:

Toda persoa que presente sintomatoloxía compatible coa COVID-19 estando no establecemento (febre maior de 37,5°C, tose seca, dificultade respiratoria, fatiga severa, cansazo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto, dor de garganta e diarrea) serán considerada caso sospeitoso de infección por SARS-CoV-2.

*Modelo Plan de Continxencia Nivel 2c*

Aquelas persoas con síntomas que poidan facelo, deberán retirarse do resto das persoas, pórse unha máscara cirúrxica e abandonar o establecemento para dirixirse ao seu domicilio, onde deberán quedarse en illamento. Deberán pórse en contacto co centro de saúde ou consultorio médico nas seguintes 24h para solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra, médico de atención primaria, mutua, ou servizo de urxencias/061 no caso de sintomatoloxía severa. Se non conseguise contactar cos servizos sanitarios, poderá chamar ao 881002021. Os profesionais sanitarios serán os que valorarán a clínica, e prescribirán a realización das probas que consideren necesarias para confirmar o caso.

No caso de percibir que a persoa que inicia síntomas estea nunha situación de gravidade ou teña dificultade para respirar, avisarase ao 061.

Por último, haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección dos espazos e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.

### **Caso confirmado:**

No caso de que a PDIA solicitada resulte positiva, o caso sospeitoso pasará a considerarse caso confirmado de COVID-19 e os profesionais sanitarios de atención primaria poranse en contacto co paciente ou a súa persoa de referencia para informar deste resultado, realizar o seguimento clínico e facer fincapé nas medidas hixiénicas e de illamento.

## **5. CAPACIDADE MÁXIMA**

A persoa responsable do establecemento *(detallar)* actualizará esta información cada vez que se produza un cambio no nivel declarado, tanto na capacidade interior coma na exterior.

No interior: \_\_\_\_\_ persoas

Distribución por andares ou comedores *(se procede)*:

Modelo Plan de Continxencia Nivel 2c

*(Usarase a superficie do interior do local destinada aos usuarios, excluindo do computo de metros cadrados dispoñibles para os usuarios, os metros correspondentes a aseos, barra e zona interior da barra. A superficie a computar debe corresponderse coa superficie adicada ao consumo no interior).*

*Permitirase o 75% da capacidade máxima en condicións normais.*

**Na terraza: \_\_\_\_\_ persoas**

*(Deberase computar a superficie de terraza establecida no correspondente título habilitante de carácter municipal. A superficie exterior resultante será a que sirva para determinar a capacidade exterior).*

*Permitirase o 100% da capacidade máxima en condicións normais.*

**Nos aseos: \_\_\_\_\_ persoas**

*A ocupación máxima para o uso dos aseos, vestiarios, probadores, salas de lactación ou similares de clientes, será dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia. Para aseos de máis de catro metros cadrados que contén con máis dunha cabina ou urinario, a ocupación máxima será do cincuenta por cento do número de cabinas e urinarios que teña a estancia.*

*A ter en conta:*

*- A persoa responsable do establecemento deberá dispor, en soporte físico, da documentación acreditativa das superficies utilizadas para os cálculos das capacidades. Achegar como Anexo.*

*- Sinalización: deberán utilizarse os modelos de cartel en función do nivel do establecemento postos á disposición para a súa impresión na páxina web <https://coronavirus.sergas.es/Contidos/Hostalaria-segura> ou na plataforma de Turespazo (<https://turespazo.turismo.gal>).*

## 6. MEDIDAS XERAIS NO ESTABLECEMENTO

### Uso de máscara

Para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara, salvo nas disposicións recollidas na normativa aplicable en materia de uso da máscara.

O persoal do establecemento debe levala en todo momento e debe reforzarse o cumprimento dos clientes instando a que as manteñan postas sempre e só as quiten no momento de consumir alimentos e bebidas.

Así mesmo os provedores deberán facer uso correcto da máscara.

Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído, estar perfectamente axustadas e usarse segundo instrucións de renovación, reutilización, etc. indicadas polo fabricante. Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria.

Este establecemento dispón de máscaras cirúrxicas para o uso dos clientes no caso necesario. *(Detallar neste documento onde están dispoñibles para que todo o persoal traballador sexa coñecedor ou o procedemento específico para dispoñer delas).*

### Distancia de seguridade

Con carácter xeral, no momento no que se estea circulando polo local, deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

Non obstante, unha vez sentado, estarase ao exposto nas regras específicas deste nivel que implica asegurar unha distancia de 1,5 metros entre os clientes dunha mesa e da contigua.

### Itinerarios de circulación

*Definir, ou facer referencia no plano do Anexo I.*

*Modelo Plan de Continxencia Nivel 2c*

## 7. MEDIDAS ESPECÍFICAS

*Definir as medidas específicas a aplicar, se procede polos diferentes espazos existentes.*

*Por exemplo, zonas de autoservizo; zonas para entrega ou recollida; outras actividades (zona infantil, por exemplo)...*

## 8. MEDIDAS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN

As medidas de limpeza e desinfección aplicadas neste establecemento son:

*Definir como se fará, quen a fará, a frecuencia, e os materiais e produtos empregados nas limpeza e desinfeccións. Para evidencialo debera levarse un rexistro das limpeza diarias do local e aseos polo menos.*

- Limpeza e desinfección do local *polo menos unha vez ao día* prestando especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes (pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns...).
- Limpeza e desinfección do equipamento, en particular mesas, cadeiras, barra, así como calquera outra superficie de contacto, *de forma frecuente* (recomendable entre cliente e cliente).
- Limpeza e desinfección das zonas privadas dos traballadores, tales como vestia-rios, armarios, aseos, cociñas e áreas de descanso.
- *Cando existan postos de traballo compartidos por máis dun traballador, establece- ranse os mecanismos e procesos oportunos para garantir a hixienización destes pos- tos.*
- Aseos: limpeza e desinfección (mín. 3 veces/día).

**Produtos:** *Definir os produtos e principais advertencias para o seu uso.*

*Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados.*

No uso dos produtos respectaranse as indicacións da etiqueta.



## 9. MEDIDAS DE HIXIENE

- Papeleiras a disposición do público para depositar panos e calquera outro material desbotable: *número e disposición*, que se deberán limpar *de forma frecuente*, deberán ser baleiradas no momento de encherse e *como mínimo unha vez ao día*.
- Dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados e rexistrados, a disposición do público: *definir o produto e a colocación (en lugares accesibles e visibles, e, en todo caso, na entrada do local, aseos, mesas, e deberán estar sempre en condicións de uso)*.
- Os elementos auxiliares do servizo, como a vaixela, cristalaría, xogos de cubertos ou mantelaría, entre outros, almacenaranse (*Describir. A norma di "en recintos pechados e, se isto non fose posible, lonxe de zonas de paso de clientes e traballadores."*)

## 10. MEDIDAS EN MATERIA DE PERSOAL

- Curso de formación avanzado: 4 horas
- Deberá contarse con roupa de traballo específica. (*definir*)
- Dotación de máscara obrigatoria cirúrxica e cambio cada 4 horas. Dispoñer de máscaras FFP2 e ofertalas ao persoal traballador (cambio cada 8 horas).
- En particular, como medida específica de impulso da vixilancia da saúde dos traballadores, ofrécese ao persoal traballador a realización de probas diagnósticas periódicas cada 15 días. A frecuencia será cada 7 días no caso de que o nivel de restrición aplicable ao concello sexa alto ou máximo.

*A realización destas probas será voluntaria para o persoal traballador, polo que se realizará soamente cando a persoa traballadora preste o seu consentimento de acordo co establecido no artigo 22 da Lei de prevención de riscos laborais. A realización das probas poderá realizarse polos servizos de prevención da empresa, con aplicación do establecido polo artigo citado, ou ben, polos mecanismos que se habiliten ao efecto pola Consellería de Sanidade.*

*Definir como acceder ás probas.*



## 11. MEDIDAS COMPLEMENTARIAS

*Definir as que apliquen*

- Deberá dispoñer de mecanismos de pago electrónico, como o pago por tarxeta, e priorizar este sistema fronte ao emprego de efectivo.
- Carta dixital, QR, pizarra
- Deberase empregar manteis dun só uso. Non obstante, poderanse empregar manteis desbotables ou de tela sempre que se cambien entre cliente e cliente tras o seu lavado e desinfección.
- Produtos monodose: empregaranse formatos dun só uso, en envases individuais, no caso de produtos como vinagre, aceite, salsas e condimentos, etcétera.

## 12. REXISTRO DE CLIENTES

*Definir o modelo de rexistro ou aplicación a empregar.*

*No caso de comidas e cenas, co obxectivo de facilitar o seguimento de contactos ante casos positivos de COVID-19 deberase dispoñer de mecanismos para o control dos asistentes (ben sexa mediante rexistro manual ou ben dixital por medio de aplicacións móbiles). Deberase contar polo menos coa información dun contacto por mesa que inclúa nome e apelidos, DNI e número de teléfono; a persoa responsable do establecemento terá a obriga de custodialo durante polo menos un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias e cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.*

## 13. VENTILACIÓN

Realizaranse tarefas de ventilación periódica para acadar unha renovación do aire e garantir unha boa calidade do mesmo, eliminando as partículas suspendidas nel e reducindo así o risco de transmisión da enfermidade.



### *Modelo Plan de Continxencia Nivel 2c*

Co fin de manter unha boa calidade de aire interior e cumprir cos límites de ppm establecidos no presente plan recoméndase aplicar as medidas da *Guía para as boas prácticas de ventilación na hostalaría no contexto da COVID-19*. Dita guía atópase dispoñible no seguinte enderezo electrónico: [https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/813/GUIA\\_VENTILACION\\_HOSTALARIA.pdf](https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/813/GUIA_VENTILACION_HOSTALARIA.pdf)

### **Sistema de ventilación climatización**

*(indicar cal en cada establecemento):* natural, forzada, mixta

- As pautas de ventilación serán as seguintes:

*(Definir segundo o tipo de ventilación. Por exemplo no caso de ventilación natural portas e fiestras a abrir e con qué frecuencia. No caso de ventilación forzada: caudal de aire e réxime de funcionamento ordinario).*

*- No caso ter sistema de ventilación/climatización, deberá acreditar a certificación do seu mantemento periódico e da última revisión por profesional autorizado.*

### **Medidor de CO<sub>2</sub>:**

- Nº de medidores de CO<sub>2</sub>: *(No caso de mais dunha estancia independente, debe existir un medidor en cada unha)*

- O modelo de medidor de CO<sub>2</sub> é o seguinte: *(definir o modelo, ten que ter marcação CE e pantalla visible para os usuarios).*

- O medidor de CO<sub>2</sub> colocarase en: *(describir ou sinalar nun plano. Non deben colocarse preto das xanelas, portas ou outros puntos de ventilación para que non se marquen valores máis baixos que os reais. Por tanto, deben situarse nas zonas do local onde hai un maior número de persoas ou nas zonas con peor fluxo de renovación de aire, pero sen que estas poidan respirar directamente encima do sensor do dispositivo para non alterar as medidas. No caso de ventilación mecánica, o medidor non se debe colocar na saída dos condutos de ventilación se non que o máis recomendable sería situalos na parede encima dos mesmos.*

- A medición de CO<sub>2</sub> será continua.

Esta medición non poderá superar no interior os 800 ppm de concentración de CO<sub>2</sub>.



*Modelo Plan de Continxencia Nivel 2c*

**Medidas no caso de superarse o nivel indicado**

Tomaranse as seguintes medidas:

*Elixir as que procedan e describir as accións concretas a realizar, quen as fará e con que frecuencia.*

*a) No caso de ventilación natural:*

*Deberase aumentar a frecuencia de apertura de xanelas ou o grao de apertura destas ata atopar a situación na que non se superen os valores recomendados. Describir como e quen.*

*No caso de que, unha vez comprobados todos os escenarios posibles de apertura de xanelas e portas, se excedan os valores recomendados de CO<sub>2</sub>:*

- Complementar con ventilación mecánica.*
- Reducir o aforo e o tempo de permanencia de persoas nos locais.*

*b) No caso de ventilación mecánica ou forzada:*

*Procederase a axustar o equipo de climatización por parte do persoal técnico:*

- Aumentar o caudal de aire renovado (taxa) para que chegue a maior cantidade de aire exterior posible fronte á cantidade de aire recirculado.*
- Reducir ou limitar a recirculación.*

*c) Outras medidas para alcanzar a renovación de aire establecido polas autoridades sanitarias:*

- Se é posible, complementar con ventilación natural.*
- Reducir o aforo e o tempo de permanencia de persoas nos locais.*

## 14. DOCUMENTACIÓN

A documentación acreditativa do recollido neste documento é a seguinte:

- Plano do establecemento (con superficies útiles, *itinerarios; ubicación dos medidores de CO<sub>2</sub>*)
- Copia das licenzas
- *Anexos e Rexistros que procedan*